

Xoves, 12 de xuño de 2025

Núm. 111

**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O****Persoal, oposicións**

CORRECCIÓN ERRO COMETIDO NA BASE 10ª DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA, DUNHA PRAZA DE SUBALTERNO, GRUPO E (AP) DA OEP DO 2024, PUBLICADAS NO BOPPO NÚM. 246, DE 19/12/2024

ANUNCIO CORRECCIÓN ERRO. Mediante Decreto da alcaldía nº 2025-1685 de 29/05/2025, que se transcribe a continuación, RECTIFÍCASE de oficio o erro cometido na base 10ª das bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva, dunha praza vacante de subalterno, grupo E (AP), da OEP do 2024, publicadas no BOPPO núm. 246, de 19/12/2024.

“DECRETO DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 246, de 19/12/2024 publicouse o Decreto desta Alcaldía núm. 2024-3744, de data 04/12/2024, ditado no expediente núm.: 6043/2024, que se resolveu aprobar as bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva, dunha praza vacante de subalterno, grupo E (AP), da OEP do 2024.

Visto que no texto do paragrafo segundo da base 10ª deslizouse o erro de incluír na penalización tamén as preguntas non contestadas, xa que logo:


Onde di:

...a penalización por respostas incorrectas e non contestadas. Neste exercicio cada resposta incorrecta ou non contestada penalizará un terzo da puntuación que lle corresponda a unha pregunta acertada.

Debe dicir:

...a penalización por respostas incorrectas. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará un terzo da puntuación que lle corresponda a unha pregunta acertada

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos.



Xoves, 12 de xuño de 2025

Núm. 111

Esta Alcaldía de conformidade co precepto citado e en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1 g) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, 24.d) do RDL 781/1986, de 18 de abril e 41.14 do ROF, RESOLVE:

PRIMEIRO.— Rectificar de oficio o erro anteriormente indicados quedando o texto do paragrafo segundo Primeiro exercicio test, obrigatorio e eliminatorio, da base 10ª das citadas bases do seguinte xeito:

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio. Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará un terzo da puntuación que lle corresponda a unha pregunta acertada

SEGUNDO.— Manter en todos os seus termos a citada base 10ª, agás no que se corrixe nesta resolución.

TERCEIRO.— A presente resolución publicarase no BOPPO, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org."

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:14/2XTNU61TML17Z

